


CENTRO DE ATENCIÓN INTEGRAL AS PERSOAS SEN FOGAR DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


“Os marcos son estruturas mentais que conforman o noso modo de ver o mundo. Como consecuencia disto, conforman as metas que nos propoñemos... En política os nosos marcos conforman as nosas políticas sociais e as institucións que creamos para levar a cabo ditas políticas. O cambio de marco é cambio social.”

(George Lakoff)




CÓMO SE XESTOU ESTE PROXECTO?

Entre marzo de novembro de 2017 conformouse un equipo de traballo que realizou primeiramente unha achega documental para aproximarse á problemática do senfogarismo a nivel estatal, autonómico e local. Tras dita aproximación teórica, formalizouse unha metodoloxía de traballo en torno aos seguintes aspectos:



Dentro da recompilación de boas prácticas tidas en conta para a xénese deste proxecto destacan as que seguen:



Dentro do traballo de campo realizado o equipo quixo coñecer experiencias similares dentro da xeografía galega e do conxunto do estado. Nesta fase visitáronse 14 centros de diversa tipoloxía na comunidade galega, en Madrid, País Vasco, Navarra e Aragón. Recolleuse información útil en torno ao seu funcionamento en base a unha entrevista deseñada ad hoc.

Así mesmo, visitáronse os principais recursos que prestan atención ás persoas sen fogar en Santiago de Compostela e iniciouse un proceso participativo amplo para identificar as necesidades da cidade en materia de senfogarismo e para reflexionar de forma conxunta sobre o modelo de Centro que se quere para a cidade. Este proceso participativo organizouse en torno á escoita a tres voces principais:

- **A voz das persoas sen fogar:** 9 saídas a rúa, 3 entrevistas grupais a 19 persoas sen fogar e 7 entrevistas individuais.
- **A voz dos profesionais:** 31 cuestionarios autoinformados achegados a profesionais da rede de atención ao senfogarismo de Compostela, así como de diferentes recursos sociais e sanitarios públicos. 2 xornadas de traballo coas entidades conformantes da mesa técnica.
- **A voz dos expertos/as-observadores/as:** conformouse un equipo de intervención composto por cinco expertos/as que realizaron un seguimento continuado do proxecto. Ademais, consultouse con expertos/as en ámbitos concretos como a saúde mental, a vivenda ou o emprego.



Gráfico 1: Axentes consultados durante o proceso participativo de análise de necesidades e proposta de modelo de Centro.

1 CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO

1.1 Tipo de centro

O “Centro Municipal de Atención Integral as Persoas Sen Fogar de Santiago de Compostela”, tal e como o seu nome indica, pretende aportar atención ás persoas sen fogar dende un paradigma da atención integral que concibe á persoa como unha globalidade e busca fornecer de apoios en diversos ámbitos. Por outro lado, a diversidade de perfiles de persoas sen fogar observados na cidade fai que o centro deba concibirse como un dispositivo flexible e adaptado a distintos graos de motivación da persoa e as diferentes intensidades na intervención que se precisen.

O Centro busca fornecer **dun recurso residencial de media estadia** para un grupo de entre 15 e 17 persoas e ofrece **servizos de atención a necesidades básicas así como de incorporación e acompañamento psicosocial** artelladas en torno a un espazo de atención diúrna de media intensidade.

Trataríase dun recurso categorizado dentro dos Servizos Sociais Específicos.

1.2 Poboación diana

A quen está destinado o Centro? O Centro ofrece atención a todas aquelas persoas **maiores de 18 anos en situación de senfogarismo, incluíndo os 4 subtipos da clasificación ETHOS**. A pertenza a un ou outro grupo pode modificar as necesidades da persoa e polo tanto non todos os grupos terán a mesma prioridade á hora do acceso ás diferentes modalidades de participación no Centro. Os recursos do Centro xestionados a través do espazo de atención diúrna serán accesibles para persoas que formen parte dos catro subtipos que establece a ETHOS así como a outras persoas en situación de exclusión social, máis a Acolida Residencial Temporal estará destinada de xeito prioritario a perfiles que formen parte dos grupos A e B da clasificación. Outros usuarios pertencentes as categorías C e D poderán ter acceso á acollida residencial en caso de que as prazas non estean cubertas, de que a súa situación persoal sexa de risco e se valore a idoneidade do recurso por parte do equipo técnico (priorizando os perfiles 8 e 9 do grupo C e 11 e 13 do grupo D).

1.3 Horarios de apertura

Contémplanse horarios de apertura para os diferentes recursos dos que prové o centro. A área de acollida residencial temporal permanecerá **activa 365 días ao ano** e rexerase por unha normativa propia en canto aos horarios de entrada e saída (exclusiva para participantes da Modalidade 3). Pola súa parte, a área de atención diúrna terá un horario de apertura de 8:00 a 22:00 h 365 días ao ano.

1.4 Distribución funcional

Para poder cumprir coas características que vimos de describir, o Centro distribuirase en torno a dous espazos funcionais deseñados con diferentes finalidades e que requiren distintos niveles de implicación do usuario/a e diferente intensidade de intervención psicosocial. Estes dous espazos estarán situados en módulos/edificios diferenciados.

- **Área de acollida residencial temporal:** Ofrece aloxamento en réxime de tipo media estadia. Permanece activo 24 horas ao día e 365 días ao ano, tendo acceso a ela unicamente os participantes da Modalidade 3 e o persoal do Centro, sempre baixo a normativa de acceso que se especifiquen no réxime de regulamento interno
 - a. Concibido para aloxar un máximo de **17 persoas:** 13 prazas en habitación individual + 4 prazas en 2 habitacións dobres (para parellas).
- **Área de atención diúrna:** Contempla todos os demais espazos e usos do centro que teñen lugar durante o día. Permanece aberto **de 8:00 a 22:00 horas de luns a domingo (incluído festivos), é dicir 365 días ao ano.** Ten capacidade para unhas **90 persoas/día realizando diferentes usos** do centro. **De forma simultánea calcúlase a posible coincidencia dunhas 30 persoas.** Inclúe dúas zonas diferenciadas:
 - b. **Zona A ou Espazo de Servizos:** inclúe aqueles espazos e servizos de uso individual destinados a satisfacer as necesidades básicas das persoas.
 - c. **Zona B ou Espazo de Inclusión:** inclúe aqueles espazos e servizos destinados a favorecer os procesos de inclusión social.

2 REQUERIMENTOS E CONSIDERACIÓNS ARQUITECTÓNICAS

2.1 Requirimentos mínimos por area funcional

a. Área de Acollida Residencial Temporal

- 11 habitacións individuais con baño propio
- 2 habitacións dobre para 2 parellas con baño propio
- 2 habitacións individuais adaptada para persoas con dificultades na mobilidade, con baño propio
- Un espazo de descanso/sala de estar por planta
- Sala de lavandería e limpeza
- Un comedor-cociña

b. Zona A ou Espazo de Servizos

- Recepción (con 25 buzóns)
- 30 consignas individuais e unha colectiva
- Aseos e duchas, segregados por xénero
- Lavandería
- Zona de descanso segregada por xénero (10 butacas/tumbonas/cama pregable que deben ser reclinables ao 100%)
- Sala de encontros
- Sala de intimidade
- 3 canceiras individuais

- 2 almacéns
- Cuarto da limpeza

c. Zona B ou Espazo de Inclusión

- 1 aula/sala de xuntanzas
- 1 salón de actividades
- 1 obradoiro polivalente, que contemplará 4 rincóns:
 - Unha zona ampla destinada á actividades artesanais (con bancos de traballo).
 - Unha zona de cociña para realizar obradoiros.
 - Unha zona para manualidades/artes plásticas.
 - Unha zona para labores de tipo costura (3 máquinas de coser), bordado, calceta, etc.
- 1 enfermaría
- Área de despachos:
 - 1 “despacho 0”
 - 1 despacho de dirección
 - 1 despacho común con 4 postos para profesionais.
- Vestíbulos e zonas de paso

d. Espazos exteriores

O Centro debe contar cun espazo exterior que teña unha parte resgardada da chuvia e outra a descuberto e que funcione como **praza pública**. Por outra banda, a actividade hortícola que se proxecta require dunha **horta** onde desenvólvela.

3 CARTEIRA DE SERVIZOS

3.1 Servizo de atención en rúa (0206)

3.2 Servizo de Acollida Básica (0205)

- 1. Atención a necesidades básicas,** desenvolto no Espazo de Servizos do Centro. Incorpora as prestacións de:
 - Hixiene: 7 días por semana, en horario diúrno.
 - Alimentación: recibirán manutención no Centro as persoas en réxime de acollida residencial temporal (Modalidade 3).
 - Descanso diúrno
 - Consigna
 - Empadramento e enderezo postal
 - Lavado e secado de roupa persoal e enxoval doméstico:
 - Canceira

- Outras necesidades básicas atendidas:
 - Intimidade
 - Acceso ao teléfono e a internet
- 2. **Información e asesoramento**
- 3. **Acollida Residencial Temporal**
- 4. **Acompañamento psicosocial especializado**
- 5. **Campañas de frío, calor ou outras emerxencias**
- 6. **Programa de saúde:** incluíndo os subprogramas de “Recuperación e resiliencia” e de “Igualdade de xénero
- 7. **Programa de transformación e participación social**
- 8. **Programa de ocio e xestión do tempo libre**
- 9. **Programa ocupacional e formativo:** que inclúe un “Taller de artesanía e reciclaxe” e un “Obradoiro de actividades hortícolas” entre outras iniciativas.

4 MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

Cada modalidade permite á persoa sen fogar facer un **uso diferente dos servizos e recursos do Centro** que especificamos a continuación.

- **Modalidade 0:** Trátase de persoas sen teito que non acoden ao Centro, coas que se fai un traballo de saídas á rúa para realizar intervencións in situ. O enfoque o de realizar unha fase de “pre-enganche” ou “out-reach” similar ao que se propón no modelo asertivo comunitario.
- **Modalidade 1:** Nesta modalidade a persoa pode facer uso das instalacións e servizos diurnos destinados a prover seguridade, descanso, aseo persoal, consigna, lavandería e un punto de encontro (calor e café). En definitiva, esta modalidade da acceso as prestacións da Zona A ou Espazo de Servizos.
- **Modalidade 2:** Nesta modalidade a persoa pode facer uso dos recursos provistos na Modalidade 1 e a maiores poderá utilizar o resto de servizos diurnos. Terá acceso a atención individualizada por parte dos profesionais do centro, formularase un PIIS e delimitaranse os recursos que precisa utilizar para materializalo. Esta modalidade da acceso á Zona B ou Espazo de inclusión.
- **Modalidade 3:** Nesta modalidade a persoa pode facer uso dos recursos provistos nas Modalidades 1 e 2 e a maiores conta cunha praza de aloxamento en réxime de Acollida Residencial Temporal. A modalidade residencia inclúe dous tipos de estadía:
 - a. **Estadía básica:** ofrece aloxamento durante un período de **2 meses** nos que o nivel de motivación pode ser baixo, non esixíndose ao usuario que inicie un proceso de inclusión social. Este tipo de estadía está orientada á redución de danos e á motivación para o cambio, que en caso de darse permitirá prorrogar a estadía e

iniciar un proceso. O acceso a esta modalidade ordenarase en función de dous criterios: a vulnerabilidade e a saúde.

- b. **Media estadía:** dispositivo de transición cara unha solución habitacional máis normalizada. O tempo orientativo de permanenza máxima no recurso é **de 1,5 anos**. O acceso a esta modalidade ordenarase en torno a tres criterios: estar vinculado a un proceso de inclusión social ou a existencia dunha oportunidade de mellora que precise de apoio residencial.




Gráfico 2: Modalidades de participación no Centro: Niveis de implicación, de intensidade na intervención e prestacións que ofrecen.




Gráfico 3: Funcionamento operativo nas distintas Modalidades: obxectivos e fases de intervención.

5 FILOSOFÍA DO CENTRO E METODOLOXÍA DA INTERVENCIÓN




Gráfico 4: Valores reitores da filosofía de Centro

Propoñemos que o Modelo Inclúe sexa o marco teórico dende o que se desenvolvan as intervencións.. A implementación do modelo supón que os tres eixes fundamentais da intervención serán:

1. A mellora na calidade de vida das persoas
2. O enfoque de dereitos
3. A promoción da participación social

Dito enfoque inclúe a actuación en tres ámbitos (individual, grupal e comunitario) e en dous espazos (dentro e fora do centro).



Dende o ámbito da intervención individual, a adscrición ao Modelo Inclúe ordena a intervención en fases que temos asimilado e completado, de tal xeito que se organizan nas seguintes etapas:

1. Acollida
2. Valoración Integral
3. Deseño do Plan Individualizado de Inclusión Social (PIIS)
4. Execución e seguimento do PIIS
5. Avaliación da intervención
6. Preparación para a saída

6 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

6.1 Estructura organizativa

- **Órganos de goberno**

Dirección do Centro
Consello Directivo do Centro

- **Órganos de participación**

Asemblea de Centro

- **Órganos de coordinación técnica interna**

Coordinación Técnica

- **Órganos para a promoción da Convivencia**

Comisión para a Convivencia e a Resolución Alternativa de Conflictos

6.2 Documentos reitores

Plan Funcional de Centro
Réxime de regulamento Interno
Memoria de Actividade
Balance de investimento anual
Plan de Convivencia

6.3 Modelo de relacións en rede



7 RECURSOS HUMANOS NECESARIOS

Actividade profesional	Postos de traballo	Horas anuais por traballador	Custe total
Persoal propio			
Director/a Coordinador/a	1,0	1.554,0	45.103,92
Traballador/a social	1,5	1.554,0	60.593,04
Educador/a social	2,0	1.554,0	80.790,7
Psicólogo/a	1,0	1.554,0	45.103,92
Enfermeiro/a	0,5	1.554,0	20.197,7
Previsión de gasto en baixas			25.179,0
Investimento anual en persoal propio			276.968,3
Persoal externo			
Limpadores/as	1,8	1.820,0	36.136,1
Experto participación social	1,0	1.820,0	36.400,0
Técnicos en Integración Social	5,0	1.820,0	136.500,0
Supervisión psicosocial externa		30,0	3.600,0
Obradoiro artesanía e reciclaxe/recuperación		520,0	10.400,0
Obradoiro de actividades hortícolas		520,0	10.400,0
Investimento anual en persoal externo			230.316,1